En previsión da posibilidade dun ensino non presencial ou semipresencial (mixto), desde o inicio do curso abriremos aula virtual para cada curso onde traballaremos as habilidades, estratexias e aprendizaxes simultaneamente co ensino presencial. Así e co obxectivo de que o alumnado adquira a competencia dixital axeitada para desenvolver de forma óptima un ensino non presencial promoveremos a participación en foros, envío de tarefas, utilización e procura de contidos virtuais e demais posibilidades que nos ofrece a plataforma Moodle e as plataformas de vídeo conferencia propostas pola Consellería de Educación (Cisco Webex Meetings).

Tanto cara o ensino non presencial coma semipresencial empregaranse dúas canles diferenciadas:

- a) A aula virtual da materia e ferramentas educativas on line (tipo Socrative , Moodle e classroom Drive) : Dende esta aula o alumnado poderá descargar apuntamentos da unidade en formato pdf, visualizar as veces necesarias as videopresentacións e videotitoriais realizadas polo profesor da materia así como resolver diferentes test online que lles permitirá reforzar os contidos traballados.
- b) A plataforma de videoconferencias habilitada pola Consellería de educación (Cisco Webex Meetings). Estas videoconferencias aproveitaranse para a resolución de dúbidas e para a explicación daqueles contidos de maior dificultade (resolución dos problemas, explicación dos diferentes conceptos, etc).

### 10.3) Contidos

O centro asegurarse de que as características do alumnado e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permitan acollerse a opción formativa telemática. De ser o caso, as programacións didácticas determinarán que aspectos do currículo poden ser obxecto desta metodoloxía. No módulo de Operacións auxiliares de xestión de tesourería, todos os contidos, resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación son susceptibles de formación telemática a distancia.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0449	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0449_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74
MP0449_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	DANIEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título Técnico en Xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección medioambiental.

Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención ó público e a cidadanía.

### Prospectiva do título

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esixelle actualmente ao persoal profesional da xestión administrativa unha grande polivalencia, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

As maiores vías de demanda de emprego son o sector de servizos, así como a externalización de certas tarefas que realizan algunhas empresas. Desde a primeira liña, incrementase o número total de profesionais da área administrativa, tanto pola implantación de novas empresas de todos os sectores económicos como polo desenvolvemento das xa existentes. Desde o punto de vista da externalización, cada vez máis compañías deciden subcontratar a súa xestión administrativa ou parte dela a empresas especializadas, o que, lóxicamente, implica o crecemento e a proliferación de empresas dedicadas en exclusiva a prestar servizos administrativos a outras (xestorías, asesorías, consultoras, centros de servizos, etc.).

O cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e na integración dos procedementos administrativos utilizados pola empresa demanda destas persoas unha actualización continua e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida, a autoformación e a responsabilidade.

A crecente competitividade no mundo empresarial require, así mesmo, profesionais capaces de desenvolveren a súa actividade nun ambiente de xestión de calidade, respectando a normativa ambiental e de seguridade laboral.

En relación co anterior e coa imparable tendencia á globalización das relacións económicas, o emprego do inglés como lingua de intercambio internacional é imprescindible e, xa que logo, convértese nun factor máis de esixencia para o persoal profesional da área administrativa, debido á permanente xestión de documentos e de comunicacións.

### Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

### Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

### Competencias profesionais, persoais e sociais

A formación do módulo Técnica Contable debe contribuír a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) as competencias profesionais, persoais e sociais j), k), l), m), n), o), p), q), e r) estas son:

j) Aplicar os protocolos de seguridade laboral e ambiental, de hixiene e de calidade durante todo o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no ambiente.

k) Cumprir os obxectivos da produción, actuando conforme os principios de responsabilidade e mantendo unhas relacións profesionais adecuadas



cos membros do equipo de traballo.

- l) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- m) Manter o espírito de innovación, de mellora dos procesos de produción e de actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
- n) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- o) Detectar e analizar oportunidades de emprego e autoemprego desenvolvendo unha cultura emprendedora e adaptándose a diferentes postos de traballo e a novas situacións.
- p) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- q) Participar nas actividades da empresa con respecto e con actitude de tolerancia.
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A relación laboral e o contrato de traballo	Dereitos e deberes coma traballador. Saber diferenciar tipos de contratos e as súas características	20	10
2	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Situacións nas que queda en pausa, se modifica e remata a relación empresario-traballador	14	10
3	A Seguridade Social	Acción de protección da Seguridade Social ante situacións que poden xurdir ao longo do tempo para o traballador e a súa familia (desemprego, xubilación, baixa por enfermidade, ...)	16	20
4	A representación dos traballadores e a negociación colectiva e negociación colectiva	Pertenencia ou non a un sindicato, recoñecer os órganos de representación dos traballadores e o convenio colectivo	4	5
5	O traballo en equipo e a resolución de conflitos	Identificar os equipos de traballo que poden darse na empresa. Empregar as diversas técnicas de comunicación adecuadas. Recoñecer as causas de conflitos e coma se resolven.	8	5
6	A procura de emprego	Partindo das nosas aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades tomar decisións sobre a formación a realizar e o traballo a buscar, así coma todo o proceso de busca activa.	12	10
7	A prevención de riscos laborais.	Leis sobre prevención. Dereitos e deberes de traballadores e empresarios na protección. Vixiancia da saúde.	9	10
8	A avaliación de riscos profesionais.	Coñecer e avaliar os riscos en traballos de xestión administrativa, así coma os riscos comúns a todo traballador.	17	10
9	Planificación da prevención de riscos.	Plan de prevención e plan de emerxencias nunha oficina: persoas responsables.	19	10
10	As medidas de prevención e protección.	Coñecer o que hai que facer para prevenir os riscos laborais e protexerse no traballo	9	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A relación laboral e o contrato de traballo	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en xestión administrativa.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	14

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A Seguridade Social	16

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A representación dos traballadores e a negociación colectiva e negociación colectiva	4

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa.  Conflitos colectivos.  Novos contornos de organización do traballo.  Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.  Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O traballo en equipo e a resolución de conflitos	8

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en xestión administrativa e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector administrativo e financeiro segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	A procura de emprego	12

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en xestión administrativa.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A prevención de riscos laborais.	9

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector administrativo e financeiro.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	A avaliación de riscos profesionais.	17

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector administrativo e financeiro en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector administrativo e financeiro.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Planificación da prevención de riscos.	19

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	As medidas de prevención e protección.	9

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles aparecen en cada unidade didáctica con criterios de avaliación necesarios para superar o módulo.

Distinguindo as dúas Unidades Formativas temos que para superar a UF1 Equipos de Traballo, Dereito do traballo e da Seguridade Social e procura de emprego, hai cinco resultados de aprendizaxe a conseguir e non todos teñen a mesma complexidade.

1. Participar responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
2. Identificar os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e recoñecelos en diferentes situacións de traballo.
3. Determinar a acción protectora do sistema de Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identificar as clases de prestacións e determinar o cálculo de algunha.
4. Planificar o itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
5. Realizar os cálculos para a realización de nóminas e saber interpretalas.

Na Unidade Formativa 2 Prevención de riscos laborais o alumno terá que acadar os seguintes mínimos:

1. Recoñecer os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
2. Avaliar as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional, analizando as condicións de traballo e os factores de risco mais habituais do traballo nas oficinas e con PVDs.
3. Participar na elaboración dun plan de prevención de riscos e identificar as responsabilidades de todos os axentes implicados.
4. Determinar as medidas de prevención e protección no ámbito laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.

A complexidade dos mínimos a acadar está de manifesto na necesidade de adicarlle un maior ou menor número de unidades didácticas e polo tanto, mais temporalización. Ademais dentro de cada unidade didáctica xa se pondera o peso dos criterios de avaliación que están presentes na mesma en relación ao Resultado de Aprendizaxe.

Para acadar a avaliación positiva será preciso que o alumno supere as probas obxectivas que se farán ao longo do curso, como mínimo unha por trimestre, e que terán un peso na cualificación do 50%, descansando o 50% restante no traballo, nas clases, presentación de tarefas e traballos seguindo as indicacións de forma, contido e prazos establecidos polo profesor, etc.

Para poder superara o módulo o alumnado terá que ter como mínimo un 4 en cada unha das dúas partes poder facer media.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao tratarse dun ensino post obrigatorio o traballo e esforzo persoal do alumno é un requisito imprescindible para acadar unha avaliación positiva polo que a realización puntual de tarefas, ter o caderno ou libreta en orde e completo, a actitude respectuosa e participativa na clase, valorarase de xeito positivo, dándolle a oportunidade de repetir tarefas ou traballos que presentados no seu momento poideran presentar algún tipo de eiva ou erros. En caso contrario non se pode falar de recuperación porque xa non houbo ningún tipo de acción pola súa parte que fora avaliada negativamente. Polo tanto, o traballo constante é unha premisa para poder optar a algún tipo de recuperación.

Partindo do antedito e dependendo dos obxectivos didácticos non acadados polo alumno deseñaranse unha serie de actividades coas indicacións oportunas de forma e datas de entrega. Nalgúns casos estas tarefas serán utilizados polo profesor como instrumentos de avaliación da recuperación do alumno e, noutros casos, serán medidas de reforzo para que despois o alumno supere unha proba obxectiva a realizar nunha data determinada polo profesor.

Estas actividades de recuperación poderán consistir nunha fichas de traballo do alumno que se lle darán impresas e que deberán entregar realizadas nunhas datas determinadas e que a profesora correxirá e devolverá ao alumno comentando o resultado, sinalando día, hora e lugar fora das horas de clase; ou ben, será posible atender mediante a aula virtual ou cunha conta de correo (no caso de que teñan ordenador persoal e

acceso a internet na casa) de xeito individual a cada alumno aclarando dúbidas e propoñendo actividades ou tarefas on line.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Como este módulo ten dúas Unidades Formativas é posible que tendo en conta a temporalización do módulo o alumno acudira con regularidade ás clases durante unha parte do curso no que se desenvolveu unha das unidades e que a teña superada. Neste caso a proba extraordinaria terá por obxecto avaliar se o alumno acadou os obxectivos da unidade formativa, na que perdeu o dereito de avaliación.

No caso de que non perdesse o dereito de avaliación nunha das unidades formativas pero tampouco a superara esa parte tamén a recuperará nesa proba extraordinaria.

Cando a perda do dereito de avaliación se produce no primeiro trimestre o alumno terá que facer a proba completa.

A proba de avaliación extraordinaria terá dúas partes; unha sobre Prevención de riscos Laborais e outra sobre Equipos de traballo, Dereito do traballo e Seguridade Social e Procura de emprego. A proba terá cuestións de resposta curta ou longa ou ben tipo test e resolución de supostos.

Con antelación publicarase no taboleiro de anuncios a data de realización da proba obxectiva, hora e lugar.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

No caderno de aula irei reflectindo o avance da programación, explicando as desviacións que se produzan, analizando a adecuación da práctica docente e das actividades de ensino-aprendizaxe previstas ou desenvolvidas ao grupo e aos alumnos individualmente.

Asemade, mensualmente realizarase un seguimento da evolución da programación neste aplicativo.

Tamén, mensualmente serán obxecto de posta en común co resto dos membros do departamento na reunión pertinente coa finalidade de analizar a situación e obter algunha conclusión que sirva para mellorar a práctica docente e os resultados.

O final de curso entregarase un cuestionario anónimo a os alumnos sobre a adecuación da TEMPORALIZACIÓN, CONTIDOS, explicacións, exercicios e sobre si a forma de facelos é adecuada ou non, e se hai fallos intentar corrixilos

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Nas primeiras sesións do módulo procederase a realización dunha proba de avaliación inicial composta por un lado nun formulario tipo test para coñecer o nivel que presenta o alumnado, no relativo as competencias instrumentais básicas: comprensión lectora, expresión escrita, destrezas matemáticas de cálculo básico, coñecementos informático, combinado con cuestións sobre os contidos a tratar neste módulo...e por outra banda unha posta en común sobre as motivacións para a realización do Ciclo Formativo, coñecer se hai ou non experiencia previa no mercado laboral, etc, para coñecer o nivel que presenta o alumnado e valorar a atención e dificultades que presentan xa de xeito máis específico con relación aos obxectivos do módulo.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

No caso de que o/s alumno/s que presentan algunha dificultade na aprendizaxe teñan ordenador e internet na casa poderemos utilizar a aula virtual de FOL ou ben mediante unha conta de correo establecer unhas actividades e tarefas de reforzo a realizar polo alumno on line. No caso de que o/s alumno/s non teña/n internet lle será entregado un boletín de actividades axeitadas aos obxectivos que se pretenden acadar de maneira impresa e terá que presentalos nas datas establecidas de común acordo coa profesora. A constancia e o esforzo serán criterios fundamentais neste caso. Sinalaranse días para aclarar dúbidas e facer as probas obxectivas que acrediten a consecución dos obxectivos establecidos. No

caso de que o alumno promocione a segundo curso do ciclo con este módulo suspenso estas actividades poderán ter lugar ao longo dos dous trimestres do segundo ano para poder acceder á FCT en abril. No caso en que non acade os obxectivos terá que recuperar de abril a xuño no período no que os seus compañeiros van á FCT, nun horario que lle será comunicado e será avaliado en xuño.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Tanto nas Leis Orgánicas en materia de educación vixentes en España, así como concretamente Anexo III apartado 9 da Orde del 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial para a Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde ao sistema educativo a transmisión de determinados valores que deberán vir reflexados nas programacións didácticas. Para poder establecer cales son estas actitudes que o alumnado de Formación Profesional deberá adquirir para o mellor desempeño das profesións nas que se están a formar faise preciso analizar o perfil profesional do ciclo formativo, as actitudes, valores e pautas de comportamento que se estima deben adquirir, os medios para que o alumnado as adquira, dito o cal, centrándonos no Ciclo Superior de XVEC, se propoñen unha serie de valores ou temas transversais que se relacionan a continuación

- Educación cívica. Promovendo o respecto a quenda de palabra, a pluralidade de opinións dos compañeiros, fomentando a comunicación asertiva, a escoita activa e traballando a empatía xunto ó resto de aspectos fundamentais da intelixencia emocional onde se fará presente nas actividades grupais ou mesmo nas actividades de *¿Foro Virtual¿* desenvolvidas en todas as UD, tal como veremos máis adiante.
- Colaboración. Fundamental en todos os eidos profesionais. no traballo en equipo, como medio para a obtención de obxectivos, trataranse en todas as unidades didácticas establecéndose actividades grupais onde deberán repartirse as tarefas, desempeñar os diferentes roles asignados tanto polo docente como polo propio alumnado, e presentando os resultados en conxunto do traballo levado a cabo. Primará a realización do traballo colaborativo, tal como se desenvolverá no apartado desta programación referido aos agrupamentos.
- Educación na igualdade. Promovendo hábitos non discriminatorios no ámbito da comunicación realizando diferentes actividades onde o alumnado terá que comparar, analizar e reflexionar sobre o tratamento e o emprego do linguaxe inclusivo, o fomento da eliminación de micro machismos mais concretamente no sector profesional do comercio e o marketing como por exemplo, nas dinámicas de grupo as mulleres desenvolveran os roles que tradicionalmente asumían os homes e viceversa, ou nas actividades de role play vencelladas os contidos de técnicas de vendas, ou participando no concurso de carteis do 25N promovido pola Consellería de Educación e a Secretaria Xeral de Igualdade .
- Educación para a saúde, seguridade e hixiene. Partindo dun concepto integral da saúde mesma como benestar físico, mental e social, e inculcando hábitos de saúde, hixiene e prevención de accidentes, promovendo hábitos como o de adoptar unha postura axeitada mesmo ao falar en público
- Autonomía, Perseveranza e persistencia. Tratando que o alumnado nas súas tarefas individuais desenvolvan unha labor de investigación, buscando información e indagando pola súa conta para a resolución de casos prácticos propostos nas actividades de cada Unidade Didáctica. Ao mesmo facendo fincapé na puntualidade e a asistencia a clase, e na entrega das actividades.
- Pulcritude na elaboración e presentación das tarefas tanto individuais como colectivas.
- Fomento da lectura. Como medio que favorece a capacidade de comprensión, reflexión e crítica, proporase en todas as u.d. a lectura de diferentes artigos, revistas especializadas, prensa tanto a nivel local, autonómico como estatal co posterior análise das mesmas tanto individuais como en grupo. Un exemplo é a realización en todas as UD de unha tarefa denominada *¿FORO VIRTUAL¿* na cal o docente propón unha serie de lecturas previas relacionadas cos contidos da UD para que os alumnos e alumnas no foro debatan e compartan información e opinións vencelladas cos contidos ), ou a proposta de lectura nas vacacións de Nadal, o libro *¿Quién se ha comido mi queso¿*
- Consumo responsable e coidado do medioambiente: Mediante o emprego de material de refugallo en parte das actividades grupais, a redución do emprego do papel na elaboración das tarefas...
- Emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación: O emprego das TICs xogarán un papel fundamental ao longo de todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe, posto que serán tanto recurso preciso para a realización das actividades propostas, na procura de información e investigación por parte do alumnado e ferramenta de traballo no día a día para a achega das actividades ao docente en diferentes formatos ofimáticos, e viceversa, así como medio de comunicación entre os diferentes membros que compoñen a clase.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Sería conveniente que os alumnos foran a un xuízo do ámbito social. Esta actividade só poderá facerse ou ben pedindo un diñeiro aos alumnos para o gasto do transporte, ou aproveitando a saída do grupo para visitar algunha empresa nas capitais de provincia organizada polo equipo docente do ciclo.

Tamén a visita a centros de traballo na que se lles explicara a organización da prevención de riscos e as medidas de seguridade e hixiene adoptadas na empresa e o sistema de integración e implantación da mesma en toda a plantilla.

Outra actividade complementaria sería participar nun simulacro de extinción de incendios ou ben, nunha demostración práctica de primeiros auxilios.

Tamén se propón a realización de simulacións de entrevistas de traballo de forma telemática realizadas por técnicos de RRHH

## 10. Outros apartados

### 10.1) Exposición de la programación

A principios de curso (na primeira semana de clase) informarase os alumnos dos criterios e instrumentos de avaliación, do número aproximado de exames ao longo do curso, así como da exposición da programación na páxina web do centro.

### 10.2) PENDENTES

1. Caso de alumnos que non asistiron ás clases ou que non superaron ningunha Unidade Formativa:

As actividades de recuperación serán:

- A temporalización, respetando a normal asistencia aos módulos de 2º curso, sinalando, de común acordo entre alumnos e profesor, as datas das probas obxectivas e entrega de actividades ou traballos, de maneira, que no mes de marzo estén xa avaliados.

2. Caso de alumnos que non superaron o módulo, pero teñen superada algunha Unidade Formativa que o integran:

- Neste caso, os traballos e probas irán dirixidas a acreditar que o alumno acada os obxectivos pendentes, para o que se terá en consideración o informe emitido ao remate do curso académico anterior, establecendo as dtas de recuperación, de común acordo.

En ámbolos dous casos, no caso de non superar o módulo na avaliación previa á FCT de marzo, incorporaranse ás clases de recuperación e reforzo ata a avaliación final extraordinaria de xuño

### 10.3) COPIAR NOS EXAMES

Copiar nos exames será considerado moi grave e os que sexan collidos copiando irán con esa parte ao final para poder recupera-la. A utilización do móbil no exame estará considerado como estar copiando.

### 10.4) Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Ante unha situación de suspensión excepción temporal e/ou definitiva das clases presenciais ou unha situación sobrevida que implique o facer uso do ensino uso, empregárase:

- Aula virtual do centro e Classroom para controlar diariamente o acceso ao material do módulo.

- Servizo de videoconferencia para o ámbito docente (Plataforma Cisco Webex Meetings), no caso de ser preciso.

- Correo electrónico (G Suit para centros educativos). Con esta nova ferramenta colaborativa enfocada á educación poderemos ter acceso a varias aplicacións como: Gmail, Drive, etc.

### 10.5) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial

Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada resultado de aprendizaxe.

Os exames serán presenciais. Se non se poideran facer de esa forma fariáanse a través das plataformas utilizadas para as clases non presenciais e tamén mediante videochamadas.